



ACTA DÁ ASAMBLEA ORDINARIA DÁ ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PROTECCION CIVIL DE A CORUÑA

Celebrase Asamblea Xeral Ordinaria por videoconferencia, dadas as restriccións por mor da Covid 19 , o 29 de Xaneiro de 2021 sendo as 19:00 horas, en primeira convocatoria sen acadar quorum, e as 19:30 horas en segunda convocatoria ca asistencia telemática de 17 entidades asociadas.

Orde do día:

1. Lectura e aprobación se procede da acta da Asamblea anterior.

A secretaria da lectura a Acta da Asamblea anterior que é aprobada por unanimidade.

2. Informe de Tesorería ano 2020 e aprobación se procede do orzamento 2021.

O tesoreiro presenta as contas do ano 2020, explicando a Asamblea as cantidades que reflexan os ingresos e os gastos.

O informe de tesorería e aprobado por unanimidade.

Asemado dase conta do Orzamento estimado para o ano en curso, aprobándose o mesmo por unanimidade.

3. Informe de Presidencia.

O Sr. Presidente da conta das actividades levadas a cabo dende o nombramento da nova Xunta Directiva que son as que se reflexan a continuación,

** Reunion co Director Xeral e o vicepresidente para tratar varios temas (Xacobeo 21-22, Covid 19, etc)

**Reunion na Agasp o 26 xaneiro 2021 en relación a Formacion 2021.

- A idea e que todos os cursos sexan on line mentras non mellore a situación.
- Probabilidade de iniciar as actividades no mes de marzo.
- Valoración volumen de candidatos /as voluntarios/as para facer o curso básico.

**Reunion por videoconferencia venres 29 xaneiro 2021 en relación o material adquirir para as AVPCs no ano 2021.

- Valorase a continuidade do material que se viña entregando, e a maiores presentase proposta de Atomizadores, Nebulizadores e Desas.
- Proponse por parte da Xunta de Galicia valoración das actuacións Covid, dentro dos criterios a puntuar.
- Proponse por parte da Xunta da Valoración de colaboración das AVPCs na Eleccións Autonómicas.

** O Sr. Presidente transmite que nos próximos días enviaranse mascarillas hixiénicas as Avpc adquiridas por esta Asociación Provincial.

** Recordase que segue en vigor o Convenio Inaudita/Asoc. Prov para formación de voluntarios/as en situación de desemprego, que está dando moi bos resultados.

Indicase que e primordial a seriedade a hora de solicitar plaza, para que non queden en descuberto.

4. Rogos e preguntas

- Avpc Ferrol solicita posibilidade de transmitir a DX a posibilidade para as grandes cidades, de sinatura de convenios para sufragar material, xa que estas non poden acceder a convocatoria anual.
- Avpc Lousame consulta un dos apartados da Subvención da Deputación as AVPCs.
- A representante de Laxe consulta sobre a posibilidade de transmitir a Xunta a vacinación dos voluntarios e voluntarias das AVPCs.

Sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 20:15 horas